

ROCKEAMOS TODAS CON PAKOLAS

(IGUALDADE)



+info:
Cancións

Sinopse


[Ver vídeo](#)

“Pakolas”, rockeiro e guitarreiro, é o nome co que Paco Cerdeira se presenta ante o público infantil, eido no que o músico conta con longa traxectoria. Na súa longa andaina de traballo nas cancións infantís, Paco sempre pon de manifesto que a música é universal pero as letras deben estar pensadas para o público miúdo.

Pakolas interpreta en directo unha selección dos seus propios temas, revisados e rigorosamente escollidos para a ocasión, recollidos en libro-cds da Editorial Galaxia, nos que as protagonistas son **ELAS**: nenas, nais, inventoras, heroínas, doutoras, figuras femininas que tratan de poñer en valor a importancia de vivir en **IGUALDADE**.

Coa súa guitarra e a súa voz ao vivo, completando con bases gravadas de baixo e batería, e co seu estilo rockeiro tan inconfundible, Pakolas fará gozar por igual a maiores e pequenas/os, coas súas músicas e a súa forza creativa.

Libro-discos en solitario:



“Pakolas”, 2017 (Ed. Galaxia- Sonárbore)
“Cancións para rockear, para soñar, para non parar de mover o esqueleto e tamén sobre todo, para aprender”.



“Ramona Órbita, a dona do tempo”, 2020 (Ed. Galaxia- Sonárbore)
Neste novo traballo contaremos a historia de Ramona Órbita, unha muller labrega do Courel, posuidora duha horta cibernética e unha máquina do tempo. Coas cancións faremos un percorrido por algunhas épocas da historia, que tiveron relevancia para o perfeccionamento da mellor invención de Ramona, a súa máquina do tempo.

Libro-discos coa “A Gramola Gominola” (Ed. Galaxia- Sonárbore):
2015, “A Gramola Gominola”
2017, “Cancións para desafinar”
2019, “Bravas. O rexurdir da luz”

+info: Cancións
coa “A Gramola Gominola”

Ficha artística

Paco Cerdeira (Músico, Compositor e Produtor) leva adicándose ao público infantil dende xa hai mais de 15 anos, comezando os seus pasos como membro de Mamá Cabra (grupo de música didáctica infantil en galego), do que participou nos seus traballos durante mais de 10 anos continuamente, sendo eixo principal dos espectáculos desenvolvidos en coles, teatros, auditorios, librerías, bibliotecas, feiras do libro, etc.

No ano 2014, dada a súa longa traxectoria, decide formar a súa propia banda de música infantil, e nace así A Gramola Gominola, editando así o seu primeiro traballo en Libro-Cd como Autor en Marzo de 2015, "A Gramola Gominola" (Editorial Galaxia- Sonárbore)



Crea cancións para un proxecto musical totalmente diferente ao visto ata ese momento, tendo como eixe central o Rock and Roll, sendo unha proposta didáctica para os máis cativos da casa.

No ano 2017 édítase o segundo libro-disco "Cancións para desafinar" seguindo a mesma liña, e no 2019 sae á luz o terceiro traballo da banda, "Bravas. O rexurdir da luz", todos coa Ed. Galaxia. Ademais da formidable aceptación do público, acadan o Premio Martín Códax da Música 2018 ao mellor grupo de música infantil

O seu proxecto máis persoal, Pakolas, nace a finais de 2015, no que segue a compoñer para a cativada con letras e composicións propias. O seu primeiro traballo en solitario, "Pakolas" (2017), é un libro-disco publicado pola Ed. Galaxia, que conta co respaldo do Colexio Profesional de Logopedas de Galicia. Son 10 composicións, nas que tamén trata de traballar a música dende unha nova perspectiva logopédica. Conta con dúas edicións no mercado

En agosto de 2020 sae editado o seu segundo traballo en solitario, "Ramona Órbita, a dona do tempo" (Ed. Galaxia). Axiña agota a súa primeira edición, tan só cinco meses despois da súa estrea. En Xaneiro de 2021 sae do prelo a segunda edición e en setembro a terceira. Neste novo libro contaremos e cantaremos a ritmo moi rocheiro a historia de Ramona Órbita, unha muller labrega da Serra do Courel que posúe unha horta cibernética con patacas automáticas, e ademais ten unha máquina do tempo, coa que viaxa ao futuro e ao pasado na procura de tecnoloxía para crear un mundo mellor, mais ecolóxico.

Xira por toda Galicia ata a actualidade con mais de 150 funcións anuais, en bibliotecas, coles, teatros, auditorios, e cun éxito de público! www.pakolas.com/axenda

Ficha técnica

- **Espectáculo:** Musical (Igualdade)
- **Duración:** 50 min (aproximadamente)
- **Música e son:** Paco Cerdeira (*)
- **Escenografía:** Laura Romero (***)
- **Público:** Infantil e familiar
- **Escenario:** (**)
 - Ancho: 4,0 m
 - Fondo: 3,0 m
 - Alto: 3,0 m
- **Montaxe:** 1,5 horas (unha vez descargado) **Desmontaxe:** 1 hora
- **Equipo de son:** Equipo propio, para un aforo máximo de 500 persoas en auditorio pechado e 300 en espazo aberto. No caso de maior aforo consultar. (O enchufe de corrente deberá ser de 220 voltios con toma a terra).

(*) Dende o punto de vista técnico da música, Paco Cerdeira interpreta en vivo e directo a través da súa voz cantando e tocando a guitarra, e completa o conxunto do espectáculo cunhas bases gravadas de baixo e batería fundamentalmente, que conforman a composición musical.

(**) Adaptable a diferentes espazos, consultar.

(***) Na rede Ler Conta Moito so conta con escenografía dianteira

Contacto (contratación)

Paco Cerdeira Castiñeiras

Tel: (+34) 649 61 18 45

Email: pakolas.cerdeira@gmail.com

Mais datos

- **Web:** www.pakolas.com
- **Discografía:** www.pakolas.com/cancions
www.soundcloud.com/pakolas
- **Social**
- **Vídeos**

